

## ÁREAS MARXINAIS NO MAPA DIALECTAL GALEGO

Francisco Dubert García

Ramón Mariño Paz

Universidade de Santiago de Compostela

Pódese considerar un atlas lingüístico como unha especie de álbum ou reportaxe fotográfica que reproduce o estado e a disposición en que se encontran as diferentes pezas dun determinado conglomerado lingüístico nun concreto momento do seu desenvolvemento histórico. Naturalmente, cada unha das instantáneas da reportaxe pode ser contemplada e estudiada simplemente como o reflexo dunha situación propia dunha determinada fase, pero un exame atento delas permitirá tamén advertir que conteñen inevitablemente algúns datos que nos fan posible albiscar cal podería se-la situación en sincronías pasadas e como en que dirección puideron producirse os cambios. Aprender a ler mapas lingüísticos, a interpretalos axeitadamente, adestrarse na detección daqueles datos de cada un deles que permiten reconstruí-lo mapa dunha situación anterior -ou mesmo diversos mapas de diversas situacións anteriores-, prepararse para ve-lo que un mapa soamente deixa entrever, esta é, en definitiva, unha tarefa ineludible para quen queira traballar nos campos da lingüística histórica e a dialectoloxía.

Pénsese, por outra parte, que todo aquel que elabora un mapa lingüístico a partir dunha recolla de datos previamente realizada non fai outra cousa que sorprenden certo resorte da estrutura da lingua nun determinado punto do seu devir histórico; e o equipo de especialistas que elabora todo un atlas vén a proporcionarlles ós interesados un *dossier* de fotografías que captan o estado da totalidade dos resortes da lingua nese punto do seu desenvolvemento diacrónico. A contemplación desas fotografías podería inducirnos a pensar que o que nelas vemos é un estado de cousas inmutable, intemporal, igual a si mesmo desde as orixes do idioma e para sempre; pero, da mesma maneira que cando reparamos na foto dun atleta en plena competición sabemos que o que o fotógrafo fixo foi capta-lo movemento do corpo do deportista nun instante fugaz da súa carreira, ó debuzármonos sobre un mapa lingüístico debemos non esquecer que o que vemos é a

representación dun certo estado de cousas, obviamente non fugaz pero tampouco inmóbil, correspondente a un simple momento concreto dun proceso de moi longa duración. Se no día de hoxe puidesemos dispoñer de mapas fiables correspondentes a distintas sincronías do pasado, poderíamos facer con eles unha especie de película de animación que nos mostraría como a lingua que estudiamos se foi transformando ó longo do tempo, quizais ás veces demoradamente, máis velozmente noutros períodos. A inmovilidade dos mapas lingüísticos, pois, non nos debe enganar: a realidade que eles reflicten non é unha realidade inmóbil, senón unha realidade inmovilizada debido ás limitacións que impoñen os sistemas de representación que se utilizan para analizala. Xa que logo, neste caso coma en tantos outros, cómpre extrema-las precaucións para non confundírmo-la realidade coa súa representación, por moi fiel que esta sexa: a inmovilidade de que vimos falando está na representación cartográfica, non na realidade lingüística representada.

Naturalmente, hai certa variedade no tipo de movementos que, a son cos cambios que van experimentando, poden ir facendo sobre o territorio os diversos fenómenos lingüísticos. Sen embargo, témo-la impresión de que basicamente poderían reducirse a dúas grandes modalidades: movementos de expansión e movementos de recesión. En dialectoloxía histórica, efectivamente, trala variedade e mesmo prolixidade de datos que se poden ter en conta, ó cabo véñse a apreciar que fundamentalmente existen fenómenos que van e fenómenos que veñen, fenómenos que avanza e fenómenos que retroceden, fenómenos en expansión e fenómenos en recesión. No caso galego e no momento histórico contemporáneo non resulta demasiado difícil para un observador atento decatarse de que hai innovacións que van progresando en dirección oeste-leste ó mesmo tempo que outros fenómenos retroceden en dirección inversa, é dicir, desde o leste cara ó oeste. Fernández Rei (1990: 75), por exemplo, asegura que “a forma *ti* gaña terreo e penetra na zona de *tu*, especialmente polo centro de Lugo”, pero *tu*, practicamente desprazada por completo por *ti* do bloque occidental, persiste nunha das zonas máis conservadoras do mapa lingüístico galego: o recanto suroccidental da provincia de Pontevedra e, máis en concreto, as que Fernández Rei denomina “microsubáreas do Baixo Miño e do Condado” (cf. pp. 125 e 127). Segundo Constantino García (1975), as

terminacións femininas en *-an* procedentes da terminación latina *-ANAM* (*a mazán, a lan*) deberon de gañarlles terreo ós resultados en *-a* (*a mazá, a la*), xa que nos nosos días se observa que a fronteira entre *-an* e *-a* para as voces toponímicas está situada ó oeste desa mesma fronteira para as voces da fala común, de tal maneira que en lugares coma *Vilachá* ou *Vilameá* poden sentirse palabras coma *mazán* ou *lan*.

Mais de par destes datos podemos situar outros de signo contrario que igualmente nos falan ben ás claras da mobilidade e mutabilidade propias de todo sistema lingüístico vivo, e máis concretamente do galego. Lembrémo-lo caso da gheada, que recúa en dirección occidental, de maneira que as illas conservadoras que en situación precaria se detectan aínda no galego oriental deben considerarse testemuños dun pasado non demasiado distante en que o fenómeno se estendería pola práctica totalidade do territorio galego-falante (cf. Fernández Rei 1990: 167-177). Consideración practicamente idéntica cabería facer verbo do seseo prenuclear, que tamén se retira cara á cornixa atlántica occidental ante o avance das falas que incorporan a consoante fricativa interdental xorda (cf. Mariño Paz 1991: I, 146-153).

A realidade lingüística, pois, muda lenta pero incesantemente e os mapas que hoxe se lles ofrecen ós estudantes de dialectoloxía galega non lles van servir xa ós que a estudien no ano 2050 se é que non se lles practican daquela as necesarias correccións actualizadoras. Mais non tódalas áreas do mapa son igualmente receptivas ó cambio, non todas elas experimentan as mudanzas lingüísticas coa mesma velocidade e intensidade. Algunhas comarcas, en virtude de determinadas circunstancias históricas de índole social e económica que conviría elucidar, están máis abertas ca outras ás innovacións de distinto tipo (incluídas as lingüísticas), mentres que a outras lles sucede xustamente o contrario. Dito isto, poderíase enunciarse aquí todo un proxecto de dialectoloxía histórica que esixiría o traballo conxunto de lingüistas e historiadores. Trátase dunha tarefa atraente e suxestiva que de ningún modo renunciaremos a facer, pero debemos contentarnos de momento con algunhas modestas aproximacións.

Dado que nesta comunicación falamos de “áreas marxinais no mapa dialectal galego”, poderíamos dedicarnos a ilas sinalando e caracterizando unha por unha,

considerándoas illadamente. Sen embargo, para esta exposición pareceunos máis interesante proceder doutro xeito: o que imos facer consistirá en analizar determinados trazos lingüísticos que hoxe só se manteñen ou só aparecen en áreas extremas sen continuidade territorial separadas por extensas zonas centrais onde triunfaron ou triunfan hoxe outras opcións. Veremos como é frecuente que nas ditas zonas marxinais se acantonen formas de índole conservadora que foron desaparecendo do centro do mapa, se ben é certo que tamén se dan casos en que sería máis ca discutible cualificar de conservadoras as solucións detectadas na periferia. Sexa como sexa, o certo é que as áreas marxinais galegas presentan unha forte coloración dialectal que as destaca netamente das do centro do mapa.

### **1. Teísmo e cheísmo**

Como ben se sabe, no galego común actual os pronomes persoais átonos da P2 *te* e *che* reparten as súas funcións de tal maneira que *te* é a forma propia do acusativo e da reflexividade ó paso que *che* é a forma de dativo (cf. Fernández Rei 1990: 16-77 e *ALGa II*, mapas 153 e 154). Este é tamén, naturalmente, o uso rexistrado na inmensa maioría do territorio, que só coñece excepcións situadas nos dous extremos oriental e occidental do mapa. En primeiro lugar, o teísmo (uso exclusivo de *te* para tódalas funcións e descoñecemento de *che*) detéctase fundamentalmente en dúas áreas meridionais sen continuidade espacial: o Baixo Miño pontevedrés e a subárea da Mezquita-Lubián dentro da área chamada zamorana. Se temos en conta que *che*, pronome descoñecido tanto en latín coma no galego arcaico, é a todas luces unha innovación galega que o portugués común rexeitou, cremos que se pode concluír que as áreas teístas deben de conservar basicamente o que sería o subsistema propio das orixes do idioma. Seguramente temos nelas, nos dous extremos meridionais en que se sitúan, as reliquias dunha situación que primitivamente se daría tamén nas terras intermedias, que recibirían a fendedura da innovación.

Coidamos que a cuestión do cheísmo non pode ser encarada do mesmo xeito. O cheísmo localízase nunha área tamén marxinal e conservadora en bastantes aspectos: a fisterrá, no occidente da provincia da Coruña. Desde un punto de vista histórico resultaría comprometido e apresurado caracteriza-lo cheísmo como conservador ou

innovador. Fáltanos aínda un estudio diacrónico rigoroso e demorado que analice a distribución dos usos de *te* e *che* desde os primeiros textos ata os do século XX e que, na medida do posible, explore os terreos da súa dialectoloxía histórica. A aparición de *che*, se por unha parte non se coñeceu en tódalas falas, obrigou por outra, alí onde apareceu, a un reparto de funcións con *te*, o pronome átono que antes as absorbía todas na P2. Pero non houbo un único subsistema resultante desta redistribución: nunhas zonas *te* asumiría a función de CD tanto reflexivo coma non reflexivo, mentres que noutras falas (as cheístas) soamente asumiría o CD reflexivo; para os cheístas *che* sería a forma tanto do dativo coma do acusativo non reflexivo, en tanto que no resto das falas que experimentaron algún cambio *che* unicamente pasaría a ser dativo. Mentres tanto, os teístas manterían o uso primitivo. Evidentemente, falta aquí un mundo de matices que o mencionado estudio diacrónico tería que debullar.

Cremos, por tanto, que non debemos cualifica-lo cheísmo de conservador, en contra do que sucede co teísmo, senón contemplalo como un subsistema en que as funcións dos pronomes *te* e *che* se acabaron distribuíndo de maneira distinta daquela a que se chegou na maioría do territorio. En todo caso, obsérvase de novo que os subsistemas discrepantes co maioritario, tanto se son conservadores coma se non, quedan acantonados en áreas marxinais periféricas sen continuidade espacial que non se sumaron ó desenvolvemento lingüístico triunfante nas terras do centro do mapa.

## **2. Pronome átono acusativo de P3 tras formas verbais rematadas en ditongo<sup>1</sup>**

Tras formas verbais rematadas en ditongo o subsistema pronominal átono do galego común esixe a utilización do alomorfo *-no(s)*, *-na(s)*: *saudeino*, *deixounas*. Primitivamente as formas utilizadas neste contexto eran *-o(s)*, *-a(s)* (*saudeio*, *deixouas*). A súa adición xa adoitaba provocar antigamente reducións das secuencias vocálicas resultantes, dando lugar a formas verbais con elisión da vocal con función de sufixo número-persoal que tamén se documentan actualmente, se ben só cando esa vocal é posterior e preferentemente cando o pronome engadido é feminino: na actualidade non se

---

<sup>1</sup> Véxase o mapa 1 que presentamos como apéndice. Mostrámo-lo noso agradecemento ó ILG por permitirnos empregar-lo seu material informatizado.

registra \**saudeo* (cf. *ALGa II*, mapa 172), pero si, anque moi esporadicamente, *deixoo*<sup>2</sup> e, con algo máis de vitalidade, *deixoa* con [ɔ]<sup>3</sup> ou con [o] tónico<sup>4</sup>. Cremos que tales diferencias se explican como resultado de restriccións fonéticas ben coñecidas, baseadas na maior ou menor distancia articulatória entre os segmentos adxacentes: en *saudeio* a secuencia vocálica é máis estable porque a semivocal palatal vai seguida dunha vocal velar, mentres que *deixouo* resulta menos sólido porque a semivocal velar do ditongo vai seguida dunha vocal nuclear tamén velar, cousa que obviamente non sucede en *deixoua*, onde a vocal que segue á semivocal velar é a central; o *deixou* ‘deixouno’ que con frecuencia notable aparece por estas terras, sexa cal sexa a explicación que lle deamos, evidencia tamén a resistencia a articular plenamente unha semivocal velar seguida inmediatamente dunha vocal nuclear tamén velar. É preciso aquí salientar que todas estas formas se detectan en zonas periféricas discontinuas do suroeste de Pontevedra, o suroeste de Ourense e o bloque oriental, e non raramente confluíndo entre elas ou con outras coma *deixouo*, *deixouno*, *deixoua* e *deixouna*. Obviamente, o cambio lingüístico avanza nesas falas non de maneira repentina, senón con períodos de convivencia de formas diversas, de distintas tentativas de resolución do conflito.

Deixando agora de lado as cuestións relativas á cronoloxía e ás razóns do cambio, o que máis nos interesa subliñar é a distribución xeográfica que no día de hoxe presentan as formas máis conservadoras. Segundo Fernández Rei (1990: 79), “a inexistencia do alomorfo pronominal *no* tras ditongo é característica do galego oriental (a excepción da zona asturiana de *deixoulo*) e das falas da Limia Baixa, do sur de Pontevedra e do occidente da Coruña”. Como pode ou poderá comprobarse, o debuxo que presentan os mapas correspondentes a este fenómeno é moi semellante ó doutros tratados nesta comunicación, pero cabe destacar neste caso a presenza dunha área marxinal (a Limia Baixa) que actúa como ponte de unión entre o sur de Pontevedra e o leste de Ourense, e que suxire que no pasado houbo continuidade no uso de *saudeio*, *deixouo* ou *deixoua* do

---

<sup>2</sup> Cf. *ALGa II*, mapa 174; unicamente aparece en P.30 e mais en L.33, nos dous puntos xunto a *deixouo* e *deixouno*. Moito máis estendido está en troques *deixou*, localizado no SO de Pontevedra (P.33a, xunto a *deixouo*; P.26, con *deixouo* e *deixouno*), no SO de Ourense (O.26), no leste de Ourense e no occidente zamorano e leonés (O.8a, Z.1, Z.3 e Le.4; O.9 e O.21, xunto a *deixouno*; e Z.2, con *deixouo* e *deixoulo*).

<sup>3</sup> En P. 33, P.33a, O.8a e L.37; en L.33 xunto a *deixoua* e *deixoa* con [o] tónico; en O.3 e Z.3 convivindo con *deixoua*; en O.21 e O.31 ó lado de *deixouna*; en Z.1 de par de *deixooa* [dej'jɔoa]; e en L.23 a carón de *deixool* (cf. *ALGa II*, mapa 175).

<sup>4</sup> No xa mencionado L.33, xunto a *deixoua* e *deixoa* [ɔ], e mais en Le.1 e Le.4 (cf. *ALGa II*, mapa 175).

oeste ó leste do territorio galego-falante. En bastantes lugares documéntase, de par da solución antiga, a tentativa de cambio lingüístico representada pola opción do alomorfo *-no(s)*, *-na(s)*.

Sería moi interesante observa-lo que sucede actualmente coa repartición xeográfica das falas en que predomina a escolla de *-o* ou *-no* despois de formas verbais rematadas en ditongos de formación menos antiga, como poden se-los resultantes da perda de *-d-* secundario na P5 dos imperativos (*cantade* > *cantai*: *cantaio*, *cantaino*) ou os derivados da ditongación secuencial verificada nas P3 do presente de indicativo e P2 dos imperativos dos verbos que teñen o seu radical acabado en vocal tónica aberta e engaden en hiato unha vocal semipechada /e/ átona coa función de vocal temática (*trae* > *trai*: *traio*, *traino*). Carecemos de datos suficientes para facermos calquera indicación solidamente fundamentada a este respecto, de maneira que nos limitaremos a recordar que a información incompleta recadada por Dubert (1995: 146, 152) parece apuntar a que é xustamente na periferia do mapa galego onde máis persistentemente se manteñen solucións coma *traio* ou *tráeo*, mentres que no centro de Galicia e en puntos da periferia próximos a núcleos urbanos ou vilegos semella haber decantación a prol de *traino* e *tráeno*.

### 3. Pronome átono acusativo de P3 tras formas verbais rematadas en *-n*

Neste contexto o *l-* inicial do pronome primitivo acusou os efectos dunha asimilación progresiva que deu lugar a un grupo *-nn-* que na maioría do territorio se reduciu a *-n-* (*colléronlo* > *colléronno* > *collérono*, *non lo* > *nonno* > *nono* ‘non o’). Ora ben, de maneira esporádica, “no occidente da Coruña e Pontevedra” e “no leste de Lugo rexístrase *colléronno*, *fanno*, formas nas que o primeiro *n* é velar”<sup>5</sup>; ademais, “en falas de Zamora, da Limia Baixa e no sur de Pontevedra rexístrase *colléronho*, *fanho*, con *n* velar”<sup>6</sup> (Fernández Rei 1990: 79). De novo a solución conservadora (*colléronno*) permanece en áreas periféricas marxinais e discontinuas (igual cá máis innovadora *colléronho*), ó tempo que o centro do mapa é hoxe terra dos resultados que consumaron

<sup>5</sup> Segundo o *ALGa II* (mapa 171), sucede isto en P.12, P.15, P.25, onde tamén se sente *collérono*; en L.19, xunto a *colléronlo*; en L.13 rexistrouse exclusivamente *colléronno*; sen embargo, non se marca ningún punto coruñés con esta solución.

<sup>6</sup> O *ALGa II* (mapa 171) sitúa tales resultados en P.26a, O.26, O.31, Z.2; en P.29a, P.30, L.35, Z.3, ó lado de *collérono*; e en L.16, con *collérono* e *colléronol*.

a asimilación progresiva e maila simplificación do grupo *-nn-*. A maior rareza da forma *nonno*, limitada a dous puntos da provincia de Lugo e un do occidente asturiano<sup>7</sup>, probablemente debe poñerse en relación coa maior frecuencia de aparición do pronome neste contexto, o que sen dúbida favorecería o cambio; as tan populares e estendidas formas do tipo *no* (*no matedes* ‘non o matedes’) quizais sexan resultado da haplloxía<sup>8</sup>.

En canto a *colléronho* *-[oŋo]*, poderíase explicar como froito dunha simplificación da xeminada con resultado velar, pero non debemos descartar, de ningunha maneira, que esteamos ante unha re-segmentación independente do verbo e o seu pronome, de xeito que a consoante nasal velar sería simplemente a consoante final da forma verbal: *colleron-o*<sup>9</sup>.

#### **4. A engádegas de *-n* no sufixo número-persoal da P1 dos verbos rematados en ditongo<sup>10</sup>**

Como terminación das formas verbais correspondentes á P1 do futuro de tódalas conxugacións e do pretérito de indicativo da C-I encontramos na maior parte do territorio galego-falante un ditongo *-ei* que se pode descompor morfoloxicamente: nos pretéritos de indicativo a vocal nuclear é vocal temática; nos futuros é parte do sufixo modo-temporal *-re-*. Nos dous casos, a semivocal representada polo grafema *i* é considerada sufixo número-persoal. É sabido tamén que a P1 do pretérito de indicativo da C-II e da C-III ten como sufixo número-persoal un *-n*, e que nalgúns puntos do noso territorio lingüístico esta consoante se estendeu ó sufixo número-persoal da P1 do indicativo pretérito dese tempo da C-I por mor dun proceso analóxico (*cantei* > *cantein*). De aí, o *-n* pasou ó sufixo número-persoal da P1 do futuro (*cantarei* > *cantarein*) e ó das P1 rematadas en ditongo *-ei*, como son a do presente de indicativo de *haber* (*eu hein*) e de *saber* (*eu sein*). É posible que este *-n* se engadise ó sufixo número-persoal *-u* das P1 rematadas en *-ou*, nas que *o* se considera vocal temática (*estou, dou e vou* > <sup>+</sup>*estoun,*

<sup>7</sup> L.39, xunto a *nonho*; L.19, a carón de *nonho* e de *nonlo*; e A.5, con *nono* e *nonlo*. Cf. *ALGa II* (mapa 176).

<sup>8</sup> Rosario Álvarez (1994: 157, n. 11) defende que a existencia da contracción *no* ‘non o’ en formas como *no quero* ‘non o quero’ provén de que “ante vocal {a vocal *o* do pronome átono}, a nasalidade vocálica de *nō* pérdese sen deixar ningún resto e ante consoante dá lugar a unha consoante nasal implosiva (...). A mesma explicación valería par a contracción de *con* co pronome persoal tónico de terceira persoa e cos demostrativos: *cō el* > *con el* e *coel*, *cō este* > *con este* e *coeste*”.

<sup>9</sup> Neste sentido argumenta Francisco Dubert nunha outra comunicación presentada neste congreso.

<sup>10</sup> Véxase o mapa 2 que engadimos como apéndice.



<sup>+</sup>*doun* e <sup>+</sup>*voun*). Finalmente, é coñecido que esta extensión non se levou ó sufixo número-persoal *-u* da P3 do pretérito de indicativo dos verbos regulares (*cantou, colleu, partiu...*). Creemos que isto demostra que a inserción de *-n* está vinculada ó sufixo número-persoal da P1 e que o proceso é claramente morfolóxico.

Coa engádega da consoante, xerouse unha secuencia de sons (vocal + semivocal + consoante) pouco tolerable dentro do esquema común das sílabas en galego: por esta razón, as secuencias *-ein*, aínda que puideron conservarse nalgunhas zonas, en moitas outras reducíronse a *-en*. Véxase que cando se produce a redución o elemento que se perde é sempre a semivocal. Hoxe aparecen as formas con *-n* na comarca de Fisterra, nunha faixa costeira que vai máis ou menos de Cee a Camariñas, no sur de Pontevedra e na zona oriental, quedando fóra Zamora. Existen boas razóns para considerar que *estón* (< STO), *von* (< VADO) e *don* (< DO) son formas analóxicas de *son* (< SŪM); sen embargo, tamén habería que sopesa-las implicacións que poida te-lo feito de que as devanditas formas só aparecen en territorios nos que hoxe comprobámo-la existencia das solucións *-ein* ou *-en*.

Se se analizan os mapas, vese que as formas con *-n* poden ter máis extensión nuns casos ca noutros: as terminacións *-ein* ~ *-en* ocupan un espacio maior cá terminación *-on*, pois esta última non se dá no sur de Pontevedra nin en toda a zona oriental en que se rexistra *-ein* ~ *-en*. Amais, dentro da zona de influencia de cada unha das terminacións tampouco observamos unha regularidade absoluta, pois sempre se encontran puntos en que aparece a nasal nuns casos, pero non noutros; nos puntos que presentan a nasal tampouco existe regularidade na redución de *-[eɲ]* a *-[eŋ]*; non se documentan as formas en <sup>+</sup>*[owŋ]* (nin hoxe nin, que saibamos, en fontes textuais do pasado), o que podería considerarse proba de que o cambio se debeu á influencia analóxica directa de *son*, pero tamén de que a redución <sup>+</sup>*-[owŋ]* > *-[oŋ]* é antiga e produciuse rapidamente (cf. Dubert 1995)<sup>11</sup>.

---

<sup>11</sup> Véxase por exemplo o resultado dunha pescuda nos mapas do *ALGa I*. No mapa 272 teñen *[ej]* C.21, L.27, P.27, O.4, O.17 e O.21 e *[eɲ]* ~ *[eŋ]* aparece en O.18 e P.28. No mapa 15 os puntos C.21, L.27, O.4, O.17 e O.21 presentan *[kaŋta'rejŋ]*, mentres que en P.27 se rexistra *[kaŋta'reŋ]* e en O.18 *[kaŋta'rejŋ]* ~ *[kaŋta'reŋ]*. No mapa 347 localízase *[sej]* en P.27, O.17, O.21 e O.18, e sitúase *[sejŋ]* en P.28. No mapa 221 vemos *[doŋ]* en C.24 e C.29, pero *[dow]* en L.27; no mapa 245 C.24 e C.29 presentan *[(es)toŋ]*, mentres que L.27 ofrece *[estow]*; finalmente, no mapa 283 temos *[bow]* en C.24 e C.29, e en L.27 *[boŋ]* ~ *[bow]*.

A convivencia dos sufixos número-persoais con ou sen nasal pode deberse a que o *-n* analóxico non terminara de introducirse en tódolos ítems léxicos en que podía facelo, polo que quedarían formas sen modificar; ou quizais se deba a un préstamo interdialectal que producise un movemento de ida e volta: introduciuse sempre o *-n* no sufixo número-persoal, pero a convivencia con formas sen nasal en lugares veciños foi eliminando paulatinamente sufixos anasalados. Non temos tempo aquí para tratar máis profundamente a cuestión, pero dun estudio máis demorado da situación dialectal tal vez fose posible tirar algunhas conclusións que nos orientasen nunha dirección ou noutra. No estudio que Ramón Mariño realiza sobre a lingua de Sarmiento (cfr Sarmiento 1995: 80-81) sinálase que segundo Frei Martín “este sufixo número-persoal *-(i)n* era propio, entre outras falas, da de Seixo (Marín), na banda sur da ría de Pontevedra”. O feito de que hoxe o fenómeno se rexistre máis ó sur podería levarnos á conclusión de que efectivamente se trata dun movemento de ida e volta; en todo caso, pode pensarse tamén nunha acción conxunta das dúas posibilidades.

## 5. O sufixo número-persoal da P5

Tamén merece algún comentario o sufixo número-persoal da P5 dos verbos, ó que Ramón Mariño (1992) lle dedicou xa un artigo. Como xa é coñecido, o *d* secundario da terminación *-des* perdeuse cando ía en posición intervocálica nalgunhas zonas de Galicia; esta perda orixinou un hiato que evolucionou de dous xeitos ben distintos: ou desapareceu a vocal *e*<sup>12</sup> ou transformouse en semivocal orixinando un ditongo decrecente (*cantades* > *cantás* ou *cantais*). As formas sen *-d-* tiveron no pasado unha extensión maior, pero hoxe viven confinadas no Sur de Pontevedra, na zona de Fisterra e na franxa oriental (coa excepción do norte de Asturias). Esta distribución volve a deixar sinaladas unhas áreas periféricas fronte ó centro.

Tamén neste caso observamos falta de regularidade e homoxeneidade nos distintos resultados que se detectan. O que nos parece máis digno de mención é que en

---

<sup>12</sup> Xeralmente explícase a desaparición do *-e* por medio dunha asimilación do *e* pola vocal que o precede e por unha posterior crase con esta: *-ades* > *-aes* > *-aas* > *-ás*. Francisco Dubert (1995) propuxo unha explicación alternativa que ten que ver coa estrutura da sílaba: a vocal átona (que é máis pechada) perde o trazo [+silábico] e transfórmase nunha semivocal; a partir de aí, a semivocal pode desaparecer por formar parte dunha coda ramificada, do mesmo xeito que poden perderse as semivocais [w] ou [j] trabadas por nasal que viamos no apartado anterior. O proceso ficaría como segue: *-[a.es]* > *-[aəs]* ~ *-[ajs]* > *-[as]*.

practicamente toda a provincia de Ourense e en todo o sur da provincia de Pontevedra (da liña P.19 Soutomaior — P.20 O Covelo para baixo) o sufixo número-persoal da P5 do imperativo é *-i* (*cantai*), incluso naquelas zonas en que para os outros tempos (agás o perfecto de indicativo) o sufixo é *-des ~ -ndes* (*cantades ~ cantandes*); así mesmo, cómpre destacar que nalgúns puntos do centro da provincia da Coruña (C.28 Sobrado, C.32 Toques, etc.) en que o sufixo número-persoal da P5 do imperativo é  $\emptyset$  aparece *-des* no resto dos tempos (fóra do perfecto de indicativo). Tamén nas zonas en que se dan as formas reducidas observamos que non existe homoxeneidade, pois a miúdo conviven formas con *-d-* ou sen *-d-*<sup>13</sup>. Cremos que todo isto indica que existen distintas velocidades de avance nos cambios, que estes non se consuman en bloque, senón que van conquistando en diferentes momentos diferentes parcelas do tecido lingüístico<sup>14</sup>.

É interesante que o sufixo número-persoal *-ndes* (*comendes*) se presente hoxe de forma discontinua polo sur de Galicia, asentado no sueste da provincia de Ourense pero tamén no suroeste pontevedrés (da liña P.28 Baiona — P.29 Salceda de Caselas para baixo) e con moitos quilómetros de terra de *-des* (*comedes*) de por medio. Evidentemente, poderíamos pensar nun caso de polixénese para todas estas formas: o resorte analóxico que a partir de *tendes* e *vindes* creou *comendes* no sur de Pontevedra puido provoca-los mesmos efectos no sueste de Ourense. Recordemos tamén que en Muros (A Coruña) podemos oír *sodes* e *sondes*, aínda que non *comendes*.

Outra vez, finalmente, observámo-la homoxeneidade do centro e a heteroxeneidade da periferia. Vemos tamén que unha forma máis conservadora como é o sufixo *-des* pode constituír unha innovación ó se impoñer nos territorios nos que previamente se desenvolveran outras formas -en principio máis innovadoras- que eliminaban o *-d-*. Este si nos parece un caso de *ida e volta*: *colledes* > *colleis ~ collés* > *colledes*.

## 6. O verbo *oír*<sup>15</sup>

---

<sup>13</sup> Véxase por exemplo o que pasa en A.1 e A.5, segundo os datos ofrecidos por *ALGa I*: no mapa 2 aparece [kaŋ'tajs], pero no mapa 5 temos [kaŋ'ta'βaðes]; no mapa 20 rexístrase [kaŋ'ta'riaðes], e no mapa 46 [ko'leðes]. En C.16 temos [kaŋ'tas] no mapa 2 e [kaŋ'tes] no 22, pero aparece [kaŋ'ta'βaðes] no mapa 5 ter. e [kaŋ'ta'riaðes] no mapa 20.

<sup>14</sup> É o que se denomina *difusión léxica* (cfr Chen e Wang 1975).

<sup>15</sup> Véxase o mapa 3 que presentamos como apéndice.

Se observámo-los resultados que existen hoxe no portugués estándar e os da xeneralidade do galego, podemos deduci-lo sistema orixe de todos eles. As formas base deberon de ser: unha raíz *ouz-* nas formas verbais que contiñan un iode (*ouzo*, *ouza* < AUDIO, AUDIAM), e unha raíz *ou-* nas restantes formas verbais (<sup>+</sup>*oues* < AUDIS ou *ouír* < AUDIRE). Dado que o que nos interesa aquí é a situación galega, nela ímonos centrar.

Como xa sabemos, as raíces do grupo <sup>+</sup>*oues* xeraron *ouves*, *ougues* e *oes*; as tres posibilidades están á mesma altura evolutiva, ningunha nos semella máis innovadora cás outras<sup>16</sup>. Cando a raíz era tónica, non quedou en Galicia un só resto de *ou-*; se a raíz era átona (e en consecuencia, se era tónica a vocal temática), a raíz *ou-* puido manterse en puntos do occidente galego: *ouír*, *ouímos*, *ouín*, etc...<sup>17</sup> Unha vez xerados estes *ouves* ~ *ougues* e *oes*, as raíces *oug-* ~ *ouv-* e *o-* débéronse de ir difundindo ós outros contextos. Así, a raíz *o-* eliminou a raíz *ou-* + vocal temática tónica, mentres que se mantivo a raíz *ouz-* nos seus contextos primitivos na zona de Laxe-Ponteceso; a raíz *o-* eliminou as raíces *ouz-*, pero non as raíces *ou-* seguidas de vocal temática tónica na zona da Estrada-Moraña; o sistema de alomorfos máis conservador rexistrámolo na zona de Cotobade-A Lama e no eixe Fisterra-Mazaricos-Carnota, onde se mantén a raíz *ou-* + vocal temática tónica, a raíz *ouz-* nos contextos primitivos, e, como novidade, se presenta a raíz *o-* cando vai seguida de vocal temática átona (*oes*). Que se manteña aínda a raíz *ou-* ante a vocal temática tónica indica que o [w] da raíz nesta posición foi máis forte có [w] que ía seguido dunha vocal átona (recordemos que non se rexistra en Galicia ningún \**oues*). Estes datos deberían ser estudados á luz das principais constantes da estrutura da sílaba en galego.

A raíz *ouv-* estendeuse en todo o sur de Galicia á custa da raíz *ouz-* e de *ou-*: *ouv-* é a única forma que aparece na devandita zona, independentemente de que a vocal temática sexa tónica ou átona. A raíz *ouz-* estendeuse a todo o paradigma nalgún punto illado (a zona de Avión en Ourense). En Asturias a situación é máis complicada, pero tamén a área ten a súa personalidade con formas que lle son propias: a raíz *oug-* máis

---

<sup>16</sup> Nun primeiro caso, témo-la creación dunha consoante epentética sobre o primitivo <sup>+</sup>*oues*; no outro, a desaparición do segmento conflictivo de <sup>+</sup>*oues* (que é a semivocal) nunha secuencia ditongo decrecente + vocal nuclear (véxase Veiga 1982).

<sup>17</sup> Véxanse os mapas correspondentes en *ALGa II*.

vocal temática tónica, a raíz *ou-* ou *o-* máis vocal temática átona; unha raíz *ozc-* ou *uzc-* para a P1 do presente de indicativo e de subxuntivo, ó lado dunha gran xeneralización do castelanismo *oig-*. A extensión de *ouv-*, *ouz-* e *o-* constitúe evidentemente unha innovación.

### **7. O tema de presente do verbo *facere*<sup>18</sup>**

Se consultámo-los mapas correspondentes ó verbo *facere* volvemos a encontrar que as zonas máis características son as periféricas<sup>19</sup>. A liña de costa Malpica-Camariñas presenta vocal temática na P2 do presente de indicativo (*fais*), igual ca toda a zona oriental de Asturias a Zamora; no sur de Pontevedra (Oia, Tomiño e A Guarda) observamos que non só a P2, senón tamén a P6 do presente de indicativo presenta a vocal temática (*fain*), o que fai estas formas idénticas ás orientais. Unha raíz *fa-* á que se lle suman directamente as vocais temáticas tónicas (infinitivo *faer* ~ presente de indicativo *faemos*, *faedes* ~ copretérito *faía*, *faías*...) témola no sur de Pontevedra, onde tamén aparece a P1 do presente de indicativo *faio*, e un presente de subxuntivo *faia*, *faias*... No centro de Ourense *faemos* convive con *faguemos*, como tamén nos puntos asturianos de Pesoz e Ibias. No norte de Asturias aparece como raíz *f-*: infinitivo *fer*, P4 do presente de indicativo *femos*, copretérito *fía* (pero cunha P1 *fago* e un presente de subxuntivo *faga*, *fagas*...).

Resulta curioso, pero revelador, que unha raíz *fac-* apareza nos futuros (*facerei*) do sur da provincia de Pontevedra, lugar que ten unha raíz *fa-* nas formas arrizotónicas (*faemos* ou *faía*). Cremos que isto só pode revelar que *facerei* non é alí unha forma autóctona, senón unha importación do norte, onde aparecen as raíces átonas *fac-* máis vocal temática tónica.

### **8. O verbo *pór* ~ *poñer***

Sobre as similitudes e diferencias entre as P2 e P6 do presente de indicativo de *pór*, *ter* e *vir* xa falou Dubert (1995), pero podemos recordar como o Baixo Miño segue tendo converxencias coa zona oriental e diverxencias co resto do territorio galego-falante. Tomemos como exemplo o verbo *poñer* ~ *pór*. Nos temas de presente existen unhas

---

<sup>18</sup> Véxase o mapa 4 que engadimos como apéndice.

formas analóxicas respecto da P1 do presente de indicativo: a partir de *poño* (< \*PŌNĚO) créanse *poñemos* ou *poñía*, hoxe documentadas sobre todo na metade norte do mapa. Fronte a elas, vémo-la persistencia das formas non analóxicas na zona norte de Asturias (*poemos* ou *poía*), na metade sur do mapa (*pomos* ou *puña*) e nas terras de Fisterra e Mazaricos (*pomos* ou *puña*); ora ben, estas zonas aparecen salferidas de puntos nos que xa se utilizan as formas novas, inda que sexa en concorrencia coas tradicionais (*pomos* ~ *poñemos* ou *puña* ~ *poñía*).

É tamén de destacar que as formas coa raíz *puñ-* para os tempos do tema de perfecto (*puñemos*<sup>20</sup>, *puñeramos*, etc.) se estenden fundamentalmente polo centro-norte de Galicia (coa excepción do occidente da provincia da Coruña), se ben xa se detectan en puntos illados da metade sur. Cremos digno de salientar que a gran zona centro-setentrional en que triunfan as formas coa raíz *puñ-* nos tempos do tema de perfecto vén a ser aproximadamente a mesma na que se desenvolveron as formas analóxicas coa raíz *poñ-* para os diferentes tempos e persoas do tema de presente. Parece, pois, que estamos ante outro fenómeno innovador xerado no centro do mapa que tal vez no futuro se vaia estendendo por outras terras e que probablemente poida deixar marcadas de novo as áreas periféricas das que vimos falando<sup>21</sup>.

## 9. Colofón

Hoxe o noso coñecemento da variedade dialectal galega actual é considerablemente profundo. As alteracións que futuras investigacións sobre o terreo poidan traer, inda que sexan sempre valiosas, xa non acarrexarán modificacións de importancia respecto do que xa sabemos. Á vista disto, somos do parecer de que no campo dos estudos de dialectoloxía galega vai sendo xa o momento de abrir con decisión cando menos dúas vías de investigación ata o de agora moi pouco exploradas:

1. A dialectoloxía histórica, un terreo no que se teñen feito algunhas incursións relativas á Idade Media (cf. Souto Cabo 1993) e mais ós séculos

---

<sup>19</sup> Nós imos centrarnos nos temas de presente, pero é posible tira-las mesmas conclusións se prestamos atención ós temas do pretérito.

<sup>20</sup> É curioso que, do mesmo xeito que no presente de indicativo non se xeneralizaron -aínda- as formas *poñes* e *poñe* para a P2 e a P3, na P1 e na P3 do pretérito de indicativo son raras -tamén aínda- as formas *puñen* e *puño*.

<sup>21</sup> Véxanse os mapas 319, 320, 322, 323, 324, 325, 326 e 327 do *ALGa I*.

XVIII e XIX (cf. González Seoane 1991; Mariño Paz 1996), pero que está necesitando unha aproximación sistemática. Trátase sen dúbida dunha disciplina difícil de abordar, porque as fontes para o seu coñecemento son poucas e esixen sempre grandes doses de prudencia interpretativa. No caso galego soamente podemos acudir a informacións directas tiradas da obra de diversos observadores a partir do século XVIII, no que atopamos sobre todo o que se pode aprender do que din Sarmiento e Sobreira. Sen embargo, da Idade Media ó século XVII temos que traballar con información indirecta, é dicir, interpretando os datos extraídos dos textos analizados á luz da orixe xeográfica dos autores (non sempre coñecida), doutras circunstancias biográficas súas ou, no caso da maioría dos textos medievais, atendendo simplemente a criterios tan problemáticos coma o dos escritorios en que foron redactados ou os arquivos en que permaneceron depositados. Xunto a todo isto, a dialectoloxía histórica non pode desentenderse da análise dos moitos datos que poderá procurar nos diferentes mapas do *ALGa* xa publicados ou en vías de publicación. Con todo, é obvio que resulta absolutamente imposible reconstruí-la dialectoloxía de tempos pasados coa mesma precisión e o mesmo detalle con que podemos describi-la actual.

2. Unha clasificación das diversas falas que poderíamos denominar “tipolóxica” por oposición á puramente xeográfica efectuada por Francisco Fernández Rei, tan exhaustiva e rigorosa que, ó noso entender, mentres os datos obxectivos da nosa realidade lingüística non muden substancialmente, unicamente precisará no futuro próximo correccións moi miúdas. Non obstante, o que si se pode e debe facer a partir dela é unha análise que tente de clarificar cales son as áreas que mostran unha maior disposición ó cambio e cales son máis refractarias a el, ou cales destacan como zonas cunha forte singularidade fronte a territorios máis neutros. Neste labor resultará imprescindible o complemento dos estudos históricos, xeográficos,

económicos ou culturais que poidan contribuír a aclararnos por que cada unha desas áreas se comportou lingüisticamente dunha forma determinada.

### Referencias bibliográficas

- ALGa I* = Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas lingüístico Galego. Vo. I. Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- ALGa II* = Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico Galego. Vo. II. Morfoloxía non\_verbal*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Alvarez, Rosario (1994): “Unha ollada moderna sobre a lingua dos nosos devanceiros”, en Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo (coordinadoras) *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 153-167.
- Chen, Matthew Y. e William S-Y. Wang (1975): "Sound change: actuation and implementation", en *Language*, 51, pp. 255-280.
- Dubert García, F. (1995): “Algúns aspectos da morfoloxía verbal e da estrutura da sílaba en galego: as vocais temáticas postónicas da C-II e da C-III en hiato”, *Verba* 22, pp. 125-155.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- García, C. (1975): “Resultados del sufijo -ANA en gallego”, *Verba* 2, pp. 151-156.
- González Seoane, E. X. (1991): "Ideas sobre a fragmentación dialectal do galego no século XIX", in M. Brea López / F. Fernández Rei (coords.) (1991): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. 2 vols. Santiago: Departamento de Filoloxía Galega - Universidade, vol. 2, pp. 55-67.
- Mariño Paz, R. (1991): *Estudio ortográfico, fonético e morfolóxico de textos do Prerrexurdimento galego (1805-1837)*, 2 vols. Microficha: Universidade de Santiago de Compostela.
- Mariño Paz, R. (1992): “O sufixo número-persoal da P5 en galego: o retroceso moderno da solución *cantás*”, en *Cadernos de lingua* 5, pp. 75\_97.
- Mariño Paz, R. (1996): “Aproximación ó mapa dialectal galego dos séculos XVIII e XIX”, in R. Lorenzo / R. Álvarez (eds.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago: Santiago: Departamento de Filoloxía Galega - Universidade
- Sarmiento, Fr. M. (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz, [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega.
- Souto Cabo, J. A. (1993): "Caracterizaçom dialectal da Galiza na idade média", in G. Hilty (ed.): *Actes du XX Congrès International de Linguistique et Philologie*



*Romanes. Université de Zurich (6-11 avril 1992). 5 vols. Tübingen / Basel: Francke, vol. 2, pp. 531-546.*

Veiga, Alexandre (1982): “*Oír, col, e outros casos de [o] < a u en galego*”, en *Verba* 9, pp. 153-200.


# MAPAS




Mapa 1: Pronome átono acusativo de P3 tras formas verbais rematadas en ditongo



Mapa 2: Engádega de -n no sufixo número-persoal da P1 dos verbos rematados en ditongo



Mapa 3: O verbo oír



Mapa 4: O tema de presente do verbo facer